



## CAMPO DE VOLUNTARIADO “OS CAMPOS DO CAMIÑO- TRIACASTELA” (TRIACASTELA – LUGO)

DATAS	IDADES	ÁMBITO	MODALIDADE	PRAZAS
29/07-09/08/2020	18-30	Autonómico	Dinamización	12

### LOCALIZACIÓN



Triacastela é un concello da provincia de Lugo, na comarca de Sarria. Por este concello pasa o Camiño de Santiago.

A mediados do século XIX denominábasele Triacastelaen, en varios privilexios é citada co nome de “Triacastelle” ou “Triacastelle Nova”, outros documentos entre eles a

máis antiga guía de peregrinos, o “Códice Calixtino”, figura “Triacastellus”. Varios reis e membros da nobreza tiveron relación coa vila. O máximo benefactor foi o rei Afonso IX (1188-1230), do que se di que incluso pasou algún tempo alí.

### DESCRIBIÓN DO CAMPO

Os voluntarios e as voluntarias do Camiño no seu percorrido diario en bici, darán información sobre o Camiño, etapas, etc., apoio e ánimo.

Na área do albergue de peregrinos de Triacastela, faranse actuacións dinamizadoras consistentes na organización de actividades para os peregrinos (charlas, coloquios, obradoiros...)

Farase tamén unha Web-app do Camiño: para a difusión dos campos do Camiño e para difundir o feito das peregrinacións e a preparación para o ano Xacobeo 2021.



### ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

- Descubrindo o CAMIÑO DE SANTIAGO.
- Excursión a Santiago de Compostela, a Lugo e ao Cebreiro.

- Visita á Cova Eirós coas súas 13 obras de arte rupestre e onde se atoparon restos de Homo Neanderthalensis.
- Rutas de sendeirismo.
- Etapa de Camiño Triacastela-Samos
- Piscina
- Rochódromo
- Habitación de escapismo.



### COMO CHEGAR

Para viaxar dende Compostela ata Sarria:

- Directamente con [www.monbus.es](http://www.monbus.es)
- Vía Lugo con [www.empresafreire.com](http://www.empresafreire.com)

A Coruña – Lugo

- Por estrada con [www.arriva.gal](http://www.arriva.gal)
- En tren

Lugo – Sarria

- En tren
- En autobús con [www.empresaportomarin.com](http://www.empresaportomarin.com) ou con [www.monbus.es](http://www.monbus.es)

Outra posibilidade é viaxar por estrada ata Pedrafita do Cebreiro con [www.alsa.com](http://www.alsa.com) e dende alí coa [www.empresaportomarin.com](http://www.empresaportomarin.com) chegar directamente a Triacastela.

### ALOXAMENTO

Albergue municipal de Triacastela




## CAMPO DE VOLUNTARIADO “OS CAMPOS DO CAMIÑO- TRIACASTELA” (TRIACASTELA – LUGO)

### INCORPORACIÓN PUNTO DE ENCONTRO

O primeiro día a partir das 16.00 h na praza da Deputación (fronte ao concello).

### COTA

CENTO DEZ (110 €) euros. As persoas posuidoras do carné xove, carné de familia numerosa ou carné de familia monoparental, OITENTA E DOUS EUROS E CINCUENTA CÉNTIMOS (**82,50 €**).



### DEVOLUCIÓN DA COTA

Devolverase a cota no caso de suspensión da actividade.

Cando se produza un ingreso hospitalario ou outra causa médica grave, que afecte á persoa e lle impida incorporarse ao campo de voluntariado. Esta causa debe

acreditarse cos pertinentes informes médicos e/ou do hospital no que se atopa ingresado o/a interesado/a.

Por falecemento ou enfermidade grave dun familiar ata o 2º grao. Esta causa debe estar acreditada con informes médicos e/ou do hospital onde se atope ingresado o familiar, ou con certificado de defunción, de ser o caso.

### EQUIPO ACONSELLABLE

- Útiles de aseo (neceser completo) e toalla de ducha.
- Saco de durmir e mochila para as rutas.
- Calzado cómodo para montaña e calzado deportivo
- Roupas: de deporte (suadoiros...), de baño (traxe de baño, toalla, chancletas...), de abrigo (roupa idónea para poder realizar o traballo no caso de choiva ou frío), de auga (chubasqueiro), de traballo (guantes, gorro)

### DOCUMENTACIÓN

Todas as persoas participantes deberán levar o seu documento de identidade e a tarxeta sanitaria.

### SEGURO

Todas as persoas participantes dispoñen dun seguro que cobre os accidentes que se poidan producir durante a actividade e a responsabilidade civil que deles se poida derivar.

### CONTACTOS

Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado. Tel.: 981957115

[camposdetraballo.xuventude@xunta.gal](mailto:camposdetraballo.xuventude@xunta.gal)

[www.facebook.com/xuventude.net](http://www.facebook.com/xuventude.net)

### INFORMACIÓN ADICIONAL

[www.xuventude.net](http://www.xuventude.net). Portal da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado